



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Xornadas sobre convenios urbanísticos

**GRUPO:** Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

**ÁREA:** Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	ASISTENCIA	<b>PLAN:</b>	FONDOS EGAP	<b>HORAS:</b>	6
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	AU LO UN ES CI XU	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2002
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	PRESENCIAL	<b>TIPOLOXÍA:</b>	DIVULGACIÓN	<b>EDICIÓNS:</b>	1

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

Para moitos, das tres clásicas áreas de división do urbanismo, planeamento, disciplina e xestión, é esta última a que encerra a parte realmente práctica pois sen xestión non hai posibilidade de materializar actos concretos. Pois ben, de entre tódolos instrumentos con que conta o urbanista á hora de poñer en marcha os seus plans, destaca singularmente a figura dos convenios, verdadeira lei interpartes que contribúe a axiliza-la tramitación e poder obter resultados de maneira o máis inmediata posible dentro dunhas marxes de manobra razoables.

As presentes xornadas analizan a figura do convenio no seu máis amplo sentido, con referencia concreta á súa regulamentación na lexislación autónoma e ó seu tratamento no conxunto das disposicións urbanísticas aplicables. É sen dúbida unha importante oportunidade para coñece-lo modus operandi, cómo debe actuarse e a aplicabilidade a determinadas actuacións urbanísticas.

### DESTINATARIOS

Persoal ó servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

### PROGRAMA

Trataranse estes temas:

- Concepto e natureza xurídica dos convenios urbanísticos cos particulares. Procedemento de elaboración e aprobación.
- Réxime xurídico dos convenios urbanísticos, con especial referencia ós seus límites e responsabilidade da Administración pública polo seu incumprimento. Análise da lexislación urbanística autonómica, con especial referencia á Lei 1/1997, de Galicia.
- Os convenios urbanísticos na xurisprudencia do Tribunal Supremo e do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
- Análise pormenorizada dos convenios urbanísticos no ámbito do planeamento. Análise dun suposto práctico.
- Análise pormenorizada dos convenios de xestión urbanística. Análise dun suposto práctico.
- Expropiación e convenios urbanísticos. Análise dun suposto práctico.

## CRITERIOS DE SELECCIÓN

Número de prazas: limitado á capacidade do local.

### 3. DATOS EDICIÓNS

#### LUGO

**LOCALIDADE:** Lugo **INICIO / FIN:** 07/05/2002 a 08/05/2002

**NUM. PRAZAS:** 300 **ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.) **DATA EXAME:**

#### DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

#### LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

Salón de actos do edificio administrativo da Xunta de Galicia. Ronda da Muralla, s/n. Lugo.